



*Vigo, febreiro 2013*



## *Seis asasinados: cinco viúvas e vinte orfos*

*É se a túa vida non é como cha contaron? É se descubres que teu pai, que morrera cando eras pequeno, realmente foi asasinado? Por que escoitas dicir que "era dos malos", cando sabes que non é certo? Coas seis mortes de Alcabre quedaron vinte orfos que viviron nunha mentira. Pero houbo xente capaz de desmontar a historia tal e como lla contaron, e reconstruída a partir da verdade.*



## *Galego tropical*

*Eu son Galego. Só Galego.*

*Sempre me gustou coñecer mundo. Cando era mozo sempre tiña que dar explicacións: - "In the north-west of the Iberian Peninsula...!". Hoxe en día rara é a vez que vou por aí fóra e a xente non sabe do que lle estou falando.*

*Galegas son as miñas raigames, como as de calquera, e sen complexos nin vergoñas preocúpome en coñecelas. Por coñecer as miñas raigames comprendo as do mundo enteiro.*

*Non son ninguén. Nada especial. Nada que non estea ao alcance de calquera persoa.*

*Sabiades que a cultura galega deu lugar aos primeiros cantares de amor da historia da cristiandade? Que Galicia foi o primeiro reino que existiu en Europa? Que o Galego é a lingua que primeiro se falou en todos os continentes? Galego tropical falan no Brasil, Guiné-Bissau, Cabo Verde... e por saberme Galego síntome na casa en todas estas terras. Ser Galego e exercelo é o que me permite ser Universal. Pois só con fonda raigame na terra poden as pólas dunha árbore abranquer o ceo...*

*Eu son Galego, só galego, e Universal.*



## *Amor a tres*

*Que por que te quero? O amor éche así... non se pode explicar e aínda que se puidese non sei se o faría. Para que meter a razón nas cousas do pracer? Podo dicir de ti cincuenta maravillas, e tamén cincuenta cousas terribles... Estar contigo é estar na casa, pero moitos días deixariáte. O amor é así e nunca se acaba, nin para dar... nin para recibir. Por iso o meu amor é para as dúas, ou para os dous. Porque as relacións sempre se levan mellor entre tres. E para gozar do amor, é fundamental saber usar ben a lingua.*



## Ollos de dragón

*Ás oito da mañá xa estabamos en Barajas. Mentres agardabamos a que se abrise a porta do avión, contemplabamos admiradas o despegar doutras aeronaves sobre a pista. Subimos, e o avión foise elevando tan docemente que case non percibimos a subida. Roma, primeira escala. Logo veu Xerusalén e escala en Lod. Karachi. Calcuta. Manila... Saímos para Shanghai nun barco americano. As ondas eran moi violentas, unha cola de tifón axitaba o mar... Hong Kong. Tientsin... O tren das oito levounos a Peiping. Por fin o noso destino! As nenas e os nenos recibíronnos con grande balbordo, pero axiña escaparon a correr, berrando con medo: 'Jeñen ollos de dragón, teñen ollos de dragón!'*

*Pero eu fun alí cunha misión que cumprir: fun convertelos e, ao final, case sen darme conta, foron eles os que me converteron a min.*



## *Na gamela co asasino*

*O coche "pantasma" de Montenegro percorría Bouzas amparado pola nocturnidade. Nas cunetas aparecían os cadáveres de líderes sindicais, agraristas, intelectuais de esquerda, mestres, xentes que defendían os dereitos dos máis pobres. Logo dunhas negociacións nas que se conseguiran certas melloras para os mariñeiros de baixura, o coche circulou máis ca nunca. Chegaron entón tempos de nais a choraren continuamente e incapaces de responder as preguntas dos fillos. Tal foi o medo e o silencio nas familias, que se navegaba en gamela co asasino do propio pai sen sabelo. Tiveron que pasar moitas décadas, e mesmo pór un Océano polo medio, para que un día, no Brasil, o protagonista desta historia chegase a coñecer a verdade.*



## *Aventura extrema: Galicia nos cumios do mundo*

*Sucedeu. Ás 10.10 horas houbo un gran estoupido: unha gran avalancha ía directamente coller aos que me precedían. Foron uns angustiosos segundos... a traxedia mastigábase. E colleunos. Pensei no peor, foi terrorífico. Despois disto estiven máis de media hora parado, pensando se seguir ou dar a volta. Avancei sentíndome como un paxariño, co corazón no puño, tentando non ser presa das gadoupas dun depredador, dunha nova avalancha (...)*

*Pero cando faltan poucos metros, e xa sabes que chegas, non pensas, só sentes. Chegas arriba e sabes que xa non podes seguir subindo, xa está, e tes o mundo aos teus pés. 8.091 metros: e todo está por debaixo de ti.*



## *Arremangar as saias e loitar*

*Cinco xuntanzas diarias...*

*...e ti a que vas aí?...*

*Deitarse na estrada para evitar novas mortes...*

*...estades tolas...*

*Facer cen tortillas, vender mil rifas, para xuntar peseta a peseta...*

*...e a min quen me fai a cea?*

*As veciñas en pé de guerra...*

*...vós que saberedes...*

*'A Bouza é nosa!'...*

*...lávame a roupa...*

*Mulleres liberadas que viaxan polo mundo...*

*...onde ides ir vós, oh!?!...*

*Batallas para conseguir escolas para os fillos...*

*...ti non vales para nada...*





## *A guerra do 72*

*Citroën foi unha empresa que veu para Vigo que sacou moita fame. Foi unha fábrica modelo, moi seria, que pagaba moi ben...*

*Os traballadores do naval estaban en pé de guerra: precisaban mellores salarios, días libres, unhas condicións laborais decentes... E viñeron pedirnos axuda e nós non lla demos... As súas mulleres viñan botarnos millo: 'Churras, churras...!'. Aos seus ollos, eramos uns galiñas... E tiñan razón: nós tamén tiñamos que loitar polo noso. Unirnos, berrar polos nosos dereitos, loitar, era a única saída... Así que, **PARAMOS**: unha nova guerra estaba a piques de comezar...*

*A nosa bravura era moita. O noso estaba en xogo. Tiveron que chamar pola máis dura brigada policial. As rúas estaban desertas e a xente tiña medo de saír.*

*As porras dos duros policías acabaron por deixarnos só tres opcións: baixar a orella e entrar na fábrica, levar paus ou botarse ao río...*





## *A tinta da liberdade*


*Principios dos anos 70. París. Un comprometido, activo militante e incansable loitador, deseñador gráfico de profesión, é chamado pola resistencia franquista para traballar no departamento de falsificación documental do Partido. Especialistas en papel, en tinta, documentalistas expertos e meticulosos calígrafos traballan na clandestinidade contra o réxime fascista afincado na súa terra. Os cuantiosos perigos, os recordos das torturas na cadea, o medo... non abundan para facer tremer as mans do noso protagonista.*



## *Non dar puntada sen fío*

*Primeiro doulle unhas puntadas co primeiro fío que me vén ás mans. Penso na chamada de onte... Quen me vería a min facéndolle vestidiños na pasarela Gaudí! Coso con punto frouxo, que logo é malo de sacar. Mira que están escuchimizadas: vara e media de tea dáme para lle facer sete vestidos... Enfío a máquina con fío negro, do bo... Pois ter que marchar para Barcelona... Alí non vou poder tocar a pandeireta... Doulle con brío aos pés, a máquina bule que mete medo... E seica terei catro xefes... Remátolle o forro... E os catro hanme pedir catro vestidos cada un, e han querer levar eles o mérito! Córdolle o rabiño que sobra do fío e listo! Outra saia de tubo negra para veciña... Buf! Sáenme as saias de tubo polas orellas! A esta fíxenlle un bordadiño negro na cintura. Este outono seica se van levar os tons terra, cortes rectos e limpos de inspiración renacentista. Pois érase boa! Imos deseñar todos o mesmo! Empaqueto a saia ben empaquetadiña... Soa o teléfono outra vez: "- Si? Que se lle podo facer cinco deseños para mañá?" Pero estes deben pensar que eu cago deseños... Colgo e póñome a debuxar...*

*E marcharei? Deixarei de ser modista para ser deseñadora de moda?*



## *Tres estaciones nun só día*

*Nova Iorque, Norfolk-Virginia, Halifax-Canadá, Saint Pierre, Saint John, Groenlandia, Baffin, Illas Svalbard, Islandia, Ceuta, Janzer, Casablanca, Agadir, Safi, Río de Ouro, Cabo Verde, Port Praia, Canarias, Recife, Río de Janeiro, Río Grande do Sur, Porto Alegre, A Paloma, Montevideo, Punta do Leste, Quequén, Ushuaia, Punta Arenas, Malvinas, Illas Sandwich, Illa Rei Jorge, Illas Shetland, Antártida, Punta Delgada, Illas Azores, Walvis Bay, Namibia, Cidade do Cabo...*


*Desde Bouzas, ata a fin do mundo. Quen llo ía dicir a el? De axudar na gamela a capitanear un gran buque. Joda unha vida surcando un Atlántico cheo de perigos, de oeste a leste e de norte a sur. Mil e unha aventuras que contar de longos días nos que era posible vivir o outono, o inverno e o verán en tan só uns minutos.*

CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



  
VIGO  
EN GALEGO



Fundación  
celta  
dvigo

